# TOLOSCONTOSCURTOS SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS



Cónvocanse no mes de xaneiro os concursos literarios de prosa e poesía habituais no departamento de Lingua Galega e Literatura.

Un ano máis tendes entre as mans o resultado do esforzo creativo do alumnado do centro.

Un ano máis demóstrase que a nosa rapazada ten moito talento e unha vontade rexa para que a nosa lingua, a pesar de todos os atrancos, tronce os valos e emerxa das súas gorxas nun rebulir morno e teimudo.

Esperamos que gocedes lendo os vinte e catro textos que conforman este volume.

Tres premios en cada concurso, correspondentes ás tres categorías: 1º e 2º de ESO; 3º e 4º de ESO, Bacharelato. Cos vintecatro traballos finalistas realizamos un volume.

Este volume serviu para celebrar o Día das Letras 2021 no noso centro xunto con outras actividades.









